



ANPE, SINDICATO INDEPENDENTE DE PROFESORES DO ENSINO PÚBLICO, RECORRE ANTE O TRIBUNAL SUPREMO O DECRETO QUE BAIXA OS SOLDOS DOS DOCENTES.

Na mañá de hoxe, venres 16 de xullo, ANPE presentou ante o Tribunal Supremo un recurso contencioso administrativo directo contra o RD 8/2010 do 20 de maio polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

O Comité Executivo estatal de ANPE decidiu presentar esta demanda de impugnación directa do Real decreto 8/2010 ante o Tribunal Supremo, en defensa dos dereitos do profesorado do ensino público. Este recurso non pretende blindar aos profesores fronte ás medidas que se adopten para facer fronte á crise nin de defender privilexios senón lembrar o Goberno que as súas atribucións se enmarcan en normas vinculantes, que emanan da Constitución e das disposicións lexislativas e regulamentarias que as desenvolven. Por suposto, se a impugnación prospera afectará a todo o colectivo de funcionarios.

Os motivos que levaron a ANPE a presentar o devandito recurso son os seguintes:

- * O Decreto vulnera os compromisos adquiridos cos representantes sindicais da función pública, conculcando o dereito á negociación colectiva recoñecida no artigo 37 da Constitución. O recorte salarial, ademais, decidiuse e aplicouse sen ningunha intervención sindical.
- * O Decreto pode vulnerar o Estatuto Básico do Empregado Público, que foi ratificado polo Congreso a través do artigo 24 da Lei de Orzamentos para 2010, publicada o 24 de decembro pasado.
- * A facultade do Goberno para ditar disposicións legais a través da vía extraordinaria do Decreto - Lei está reservada a casos de “extraordinaria e urxente necesidade”, que non se xustifican en absoluto na exposición de motivos do RD 8/2010, estando xa en vigor os Orzamentos Xerais do Estado para 2010. A necesidade de diminuír o déficit público xa era manifesta cando os devanditos orzamentos se aprobaron en decembro pasado. De feito, a Comisión Europea ditaminouno en varias ocasións, que foron sistematicamente ignoradas polo Goberno.
- * O Decreto atenta contra os dereitos patrimoniais adquiridos por os funcionarios docentes, quebrando o principio de protección da confianza lexítima que recollen os artigos 14, 31, 33 e 37 da Constitución, especialmente as retribucións consolidadas - soldo base e trienios - que afectan ademais ós dereitos pasivos, e sitúase así, fóra de novo, do marco legal dos orzamentos do Estado.
- * O Decreto infrinxe o principio de igualdade ao converter o recorte retributivo nunha norma de índole fiscal progresiva, que grava por segunda vez as rendas de traballo dos empregados



públicos e que para colmo só afecta as procedentes dunha determinada fonte. Contra todo dereito, aplica de forma desigual e progresiva o recorte salarial de maneira discriminatoria e arbitraria, vulnerando os méritos adquiridos e comparando de maneira demagóxica esta diminución retributiva coa dos altos cargos políticos, que gozan de retribucións extraordinarias, como dietas, prebendas, bonos e beneficios.

* O Decreto pode ser inconstitucional ao vulnerar os dereitos adquiridos dos funcionarios, declarada xa polo Tribunal Supremo en varios dictames anteriores.

ANPE considera que o tristemente famoso Decretazo carga todo o peso das consecuencias da imprevisión do Goberno - e da súa incapacidade para levar a efecto medidas económicas verdadeiramente efectivas - sobre un colectivo que desempeña un traballo de moita responsabilidade. Debemos lembrar unha vez máis que o Estado non é nin significa nada sen o traballo dos funcionarios públicos e que, de entre eles, os docentes especialmente, deberían ver valorado o seu traballo segundo a relevancia social do mesmo, que é fundamental.

ANPE , 16 de xullo de 2010.